

Boletín de Información Cultural de Lugo

O VELLO CÁRCERE

EXPOSICIÓN UN CÁRCERE, UNHA PORTA E UN XARDÍN. Historia do cárcere do Partido Xudicial

Inauguración hoxe, venres 31 de marzo, ás 20:00. Aberta ó público durante os próximos meses.

Organiza: Concellería de Cultura, Turismo, Xuventude e Promoción da Lingua do Concello de Lugo

O vello cárcere do Partido Xudicial de Lugo abre as súas portas como centro cultural polivalente chamado a ter unha grande importancia para a cidade e a contorna pola súa beleza e grande interese arquitectónico, pola súa excelente e respectuosa restauración e adaptación ós novos usos e pola súa privilexiada situación na Praza da Constitución, xunta a muralla, fronte da porta do Campo Castelo.

O horario de apertura deste centro será o seguinte:

-Martes e mércores: 11:00 a 14:00 e de 17:30 a 20:30 horas

-Xoves e venres: de 11:00 a 14:00 e de 17:30 a 23:00 horas

-Sábados: de 11:00 a 14:00 e de 17:30 a 22:30 horas

-Domingos: de 11:00 a 14:00 e de 17:30 a 20:30 horas

REDE MUSEÍSTICA PROVINCIAL DE LUGO

MOSTRA NÓS+OUTRXS EN REDE, na que participan nove artistas: Elvira Fente, Violeta Bernardo, Carmen Porteiro, Julio Leira, Kristopher (Kris) Dios Barreiro, Crystilândia, Laura Varela, Lucía Vila e Cristina Basanta

Datas: Ata o 30 de abril

Horario: Luns a venres 11:00-14:00 e 17:30-20:30; sábados 10:30-14:00 e 16:30-20:00; domingos e festivos 11:00-14:00

Lugares de exposición: Salas, claustro e xardín do Museo Provincial de Lugo / MPMar / MPTor / MFSPNarla

MUSEO PROVINCIAL DE LUGO / SALA DE EXPOSICIÓNS

EXPOSICIÓN DE PINTURA MAREXADA DE CORES, de Hipólito Xeada

Datas: Ata o 14 de maio

Horario: Luns a venres 11:00-14:00 e 17:30-20:30; sábados 10:30-14:00 e 16:30-20:00; domingos e festivos 11:00-14:00

Organiza: Rede Museística Provincial de Lugo

O ARTISTA E A CIDADE. VISIÓNS E REALIDADES / AFUNDACIÓN

Exposición temática que ilustra a relación “entre a alma da cidade e os artistas que a habitan”. Vinte e sete obras de distintos artistas que forman parte das coleccións de Abanca e Afundación.

EN AFUNDACIÓN, Praza de Santa María s/n. Ata o 10 de xuño, de luns a sábado en horario de 18:00 a 21:00

VI FEIRA MEDIEVAL AS FONTIÑAS – ESTA FIN DE SEMANA

Do venres 31 de marzo ó domingo 1 de abril celébrase a Feira Medieval das Fontiñas, na parte da avenida que está para o lado de San Eufrasio. Ademais das tendas e toldos de alimentación e artesanía haberá música, cetrería, paseos en burro, talleres de oficio, carruseis, animación e un recuncho dos nenos.

Organiza: Asociación Hostaleiros As Fontiñas, coa colaboración do Concello de Lugo

VISITAS GUIADAS NA SEMANA SANTA

Sábado 8 / Domingo 9 / Xoves 13 / Venres 14 / Sábado 15 / Domingo 16

Organiza: Concellería Cultura, Turismo, Xuventude e Promoción da Lingua do Concello de Lugo

Saídas ás 12:30 do Centro de Interpretación da Muralla, praza do Campo, 11. Visitas guiadas a puntos de interese e principais atractivos da cidade: centros da rede museística municipal, centro histórico, muralla romana, camiño primitivo, ponte vella e termas romanas. Duración: 2 horas aproximadamente.

TEATRO NO AUDITORIO / FUNCIÓN POLA MAÑÁ

Data: Venres 31 de marzo

Hora: 12:00

Obra: *Get Back*, de Diego Ameixeiras.

Compañía: Eme2 emoción&arte. Dirección, Jorge Coira

Lugar: Auditorio Municipal Gustavo Freire

Entrada: 5 € para docentes e público adulto. 2,50 € pra escolares. Venda: o día da función na billeteira do Auditorio desde as 10:30 / Non se permitirá o acceso á sala unha vez comezada a función, nin con comida e bebida.

Organiza: Concello de Lugo, en convenio con AGADIC

ÁBRESE O VELLO CÁRCERE / ACTOS DO PRIMEIRO DÍA: INAUGURACIÓN DE EXPOSICIÓN E CONCERTO

Data: Venres 31 de marzo

Lugar: Vello Cárcere do Partido Xudicial de Lugo (Praza da Constitución)

Hora: 20:00

-Inauguración da exposición *Un cárcere, unha porta e un xardín. Historia do cárcere do Partido Xudicial*

Hora: 20:30

-Concerto no patio do Cuarteto Lugo Camerata, coa pianista Maite Belón como solista invitada / *Nota: este concerto repetirase o sábado 1 de abril á mesma hora e no mesmo lugar*

Entrada: Libre ata completar a capacidade

Organiza: Concellería de Cultura, Turismo, Xuventude e Promoción da Lingua do Concello de Lugo

CONCERTO DA FILARMÓNICA

Data: Venres 31 de marzo

Concerto de: Ensemble Praeteritum. Pablo Suárez Calero e Laura Delgado Casares, violíns solistas

Programa: Os concertos para violín de W. A. Mozart

Lugar: Círculo das Artes

Hora: 20:00

Organiza: Sociedade Filarmónica de Lugo
Máis información: www.filarmonicadelugo.com/

CONCERTO NO CLAVI

Data: Venres 31 de marzo
Hora: 23:55
Concerto: Vargas Blues Band / Ciclo 1906
Lugar: Club Clavicémbalo
Entradas: No local

PRESENTACIÓN DUN LIBRO DE ROCÍO LÓPEZ NÚÑEZ NA LIBRARÍA TRAMA

Data: Sábado 1 de abril
Hora: 12:30
Presentación: *Olvídate del cielo* de Rocío López Núñez, natural de Monseiro (Láncara), novela publicada por Angels Fortune Editions
Lugar: Libraría Trama (Avenida da Coruña 21)

MILESIOS EN CONCERTO NA CASA-MUSEO MANUEL MARÍA

Data: Sábado 1 de abril
Hora: 20:00
Concerto: Milesios presenta o seu novo traballo *indoevindo*, no programa "De corazón a corazón. Concertos na intimidade"
Lugar: Casa-Museo Manuel María (detrás da Casa do Concello de Outeiro de Rei)
Entrada: 5 €. Reserva anticipada, contacto@casamuseomanuelmaria.gal ou T 698 177 621. As entradas reservadas retiraranse na Casa Museo dende as 19:00 ata dez minutos antes de empezar o concerto, e as restantes, se houber, venderanse dende ese momento ata completar a capacidade
Organiza: Casa-Museo Manuel María / Co apoio do Concello de Lugo e da Deputación de Lugo

CONCERTO NO VELLO CÁRCERE

Data: Sábado 1 de abril
Hora: 20:30
Concerto: Cuarteto Lugo Camerata, coa pianista Maite Belón como solista invitada
Lugar: Patio do Vello Cárcere (Praza da Constitución)
Entrada: Libre e gratuíta ata completar a capacidade
Organiza: Concellería de Cultura, Turismo, Xuventude e Promoción da Lingua do Concello de Lugo

TEATRO NO AUDITORIO

Data: Sábado 1 de abril
Hora: 20:30
Obra: *Get Back*, de Diego Ameixeiras.
Compañía: Eme2 emoción&arte. Dirección, Jorge Coira
Lugar: Auditorio Municipal Gustavo Freire
Entrada: 8 €. Venda: No portal www.entradaslugo.es desde o 9 de xaneiro ata tres horas antes do comezo da función / Na Oficina Municipal de Turismo, Praza do Campo 11, no seu horario habitual / No Auditorio, o día da función, desde as 19:00 / Desconto do 20% para persoas en paro, menores de 30 anos, pensionistas e actores e actrices asociados á AAAG (as persoas que adquiren estas entradas deberán acreditarse na porta de acceso) / Non se permitirá o acceso á sala unha vez comezada a función, nin con comida e bebida
Organiza: Concello de Lugo, en convenio con AGADIC

CONCERTO NO CLAVI

Data: Sábado 1 de abril
Hora: 23:55
Concerto: Dynamite / Denmark
Lugar: Club Clavicémbalo
Entradas: No local

CICLO ARQUITECTURA E CINE III - CLUB VALLE-INCLÁN

Data: Luns 3 de abril
Hora: 20:00
Película: *Sir John Soane. Arquitectura de emerxencia*. Precedida de presentación e seguida de coloquio
Lugar: Salón de actos do Pazo de San Marcos (Deputación Provincial)
Entrada: Libre e gratuíta, ata completar a capacidade
Organiza: Club Cultural Valle-Inclán, en colaboración co COAG-Lugo. Máis información: www.clubvalleinclan.org

CONFERENCIA CICLO RENACEMENTO / LUGOPATRIMONIO

Data: Martes 4 de abril
Hora: 20:00
Conferencia: *A escultura renacentista en Galicia*, por Xabier Raposo Martínez
Lugar: Salón de actos da Deputación Provincial
Organiza: LugoPatrimonio

MIHL SONS-XXI / V CICLO DE MÚSICA CONTEMPORÁNEA DE LUGO

Data: Martes 4 de abril
Hora: 20:00
Conferencia-concerto: *Máis aló da vangarda: nova complexidade e neotonalidade*. Pablo Sánchez, relator / Juan Ignacio Martínez, piano, obras de F. Buíde J. Dillon, W. Rihm e A. Schnittke
Lugar: Casa do Saber
Entrada: Libre e gratuíta, ata completar a capacidade
Organiza: Concellería de Cultura, Turismo, Xuventude e Promoción da Lingua do Concello de Lugo / Actividade e apoio de Vertixe Sonora Ensemble

CINE DE PRIMAVERA - CLUB VALLE-INCLÁN

Data: Mércores 5 de abril

Hora: 19:30

Película: *O Porvir*, de Mia Hansen-Løve. Francia. Proxección en VOSE

Lugar: Salón de actos do Pazo de San Marcos (Deputación Provincial)

Entrada: Libre e gratuíta, ata completar a capacidade

Organiza: Club Cultural Valle-Inclán. Máis información: www.clubvalleinclan.org

ANIMACIÓN Á LECTURA E CONTACONTOS 2017

Data: Xoves 6 de abril

Hora: 18:30 (duración, 40 minutos)

Actividade: *Madame Bechamel e Signorina Bolognese*, por Trécola Teatro

Idade: A partir de 4 anos (máximo de 40 asistentes)

Lugar: Biblioteca Municipal (Parque da Milagrosa)

Entrada: Gratuíta con invitación. As tarxetas de invitación recolleranse na Biblioteca Municipal dende o luns 3 de abril, a partir das 16:30 e por estrita orde de chegada. Máximo de dúas invitación por persoa

Organiza: Concellería de Cultura, Turismo, Xuventude e Promoción da Lingua do Concello de Lugo

MIHL SONS-XXI / V CICLO DE MÚSICA CONTEMPORÁNEA DE LUGO

Data: Xoves 6 de abril

Hora: De 17:00 a 20:00

Obradoiro: *Libre improvisación musical*. Luis Tabuenca, profesor

Lugar: Conservatorio Profesional de Música Xoán Montes

Organiza: Concellería de Cultura, Turismo, Xuventude e Promoción da Lingua do Concello de Lugo / Actividade e apoio de Vertixe Sonora Ensemble

Colaboran: www.yanoyoro.com / Conservatorio Profesional de Música Xoán Montes / Conservatorio Profesional de Danza de Lugo / Conservatorio Superior de Música de Vigo / Universidade de Santiago de Compostela / Deputación de Lugo / Fundación TIC

TEATRO DE VALLE-INCLÁN EN GALEGO NO AUDITORIO MUNICIPAL

Data: Xoves 6 de abril

Hora: 20:30 (duración aproximada, 80 m)

Obras: *A cabeza do dragón e Ligazón*, de Valle-Inclán, traducidas por primeira vez ó galego

Compañía: Lucecús. Director, Rubén Pérez Pombo

Lugar: Auditorio Municipal Gusatavo Freire

Organiza: Concellería de Cultura, Turismo, Xuventude e Promoción da Lingua do Concello de Lugo

Nota: *Os dereitos de autor de Valle-Inclán pasaron ó dominio público o 1º de xaneiro do 2017, o cal fixo posible por fin a representación do seu teatro en galego, antes impedida polos seus herdeiros.*

NOITE NA DOMUS DO MITREO

Data: Xoves 6 de abril

Hora: 20:45 e 21:45 (dous pases)

Actividade: Visita guiada co arqueólogo Celso Rodríguez Cao + música en directo de Germán Díaz

Lugar: Casa do Saber

Entrada: Gratuíta con invitación, recollida o día antes na oficina de cultura da USC de 10:00 a 14:00 (máximo dúas por persoa). Limitada a 25 persoas por pase

Organiza: Lugo Cultural

MIHL SONS-XXI / V CICLO DE MÚSICA CONTEMPORÁNEA DE LUGO

Data: Venres 7 de abril

Hora: 20:30

Concerto: *Autorretrato*. Luis Tabuenca, percusión, obras de V. Globokar e L. Tabuenca

Lugar: Museo Interactivo da Historia de Lugo (MIHL)

Entrada: Libre e gratuíta, ata completar a capacidade

Organiza: Concellería de Cultura, Turismo, Xuventude e Promoción da Lingua do Concello de Lugo / Actividade e apoio de Vertixe Sonora Ensemble

Colaboran: www.yanoyoro.com / Conservatorio Profesional de Música Xoán Montes / Conservatorio Profesional de Danza de Lugo / Conservatorio Superior de Música de Vigo / Universidade de Santiago de Compostela / Deputación de Lugo / Fundación TIC

CONCERTO NO CLAVI

Data: Venres 7 de abril

Hora: 23:55

Concerto: Noa Lur Quintet / Jazz 10º Ciclo 1906

Lugar: Club Clavicémbalo

Entradas: No local

ACTOS PROMOVIDOS POLO CONCELLO DE LUGO Ó REDOR DO DÍA INTERNACIONAL DAS MULLERES

Data: Domingo 9 de abril

Hora: 12:00

Actividade: Proba deportiva. Dentro do circuío *Larsa Corre con nós, Corre con elas*, polo paseo de Ombreiro

Organiza: Concellería de Benestar Social e Igualdade do Concello de Lugo / En colaboración coa Concellería de Deportes
